

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003643	CPI Virxe dos Remedios	Castro Caldelas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os reinos altomedievais		6	6	X		
2	A Europa feudal		6	9	X		
3	Románico, gótico e arte islámica		6	9	X		
4	A Península Ibérica na Idade Media e o reino medieval de Galicia		7	9	X		
5	Crise feudal e Baixa Idade Media		10	9		X	
6	A Monarquía Hispánica		10	9		X	
7	A conquista e colonización de América		10	9		X	
8	Renacemento e Reforma		10	9		X	
9	O século do Barroco		8	9			X
10	Os desafíos demográficos		10	9			X
11	Un mundo de cidades		10	9			X
12	Desigualdade e cooperación		7	9			X

## **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico- xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá en preguntas xerais realizadas pola docente ao grupo e en choivas de ideas.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara ao tema que se vai traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar confusións e incorreccións sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non se valorarán numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%. Dentro das táboas de indicadores, resérvase un 10% para o caderno, que recolle o traballo diario na clase e que será corrixido segundo unha rúbrica específica que a docente explica a principios de curso e pendura en Edixgal para consulta do alumnado.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes, mapas ou gráficas; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado, que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [ (\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 30) ] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo ás notas superiores a 5, tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación só estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [ (\text{Nota 1ª aval.} \times 25) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 40) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 35) ] / 100.$$

O redondeo aplicarase á nota final cando esta sexa igual ou superior a 4,75. Se aínda despois de aplicar o redondeo o resultado final non chega a un 5, o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

#### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración de fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas de exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas pola docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a e que se cualificarán nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica, esta deberá ser entregada no prazo indicado e computará un 30% sobre a nota. Para calcular a nota da recuperación considerárase o 70% das probas escritas e o 30% dos traballos. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis, aplicándose o redondeo ao aprobado soamente a partir do 4,75. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación. Todo o traballo será titorizado pola docente e esta estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando a docente o considere pertinente, consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as actividades do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente. En caso contrario, si debe entregarse de novo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por cuatrimestre, realizándose o primeiro exame a finais de xaneiro e, o segundo, a finais de abril.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

60% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

40% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

No caso de que o/a alumno/a non aprobe o exame, realizaráselle unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente. En caso contrario, si debe corrixilo e entregalo de novo.

A nota final de curso será a media das notas ponderadas de cada exame e cada boletín de actividades.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito, o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Desenvolveranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual, tutoría entre iguais...) de forma que a docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade		X						
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

#### Observacións: